

A ECONOMÍA GALEGA
NO ANO 2019

1

María Bastida Domínguez

Profesora contratada doutora no Departamento de Organización de Empresas e Comercialización na Universidade de Santiago de Compostela

Santiago Lago Peñas

Catedrático de Economía e director do grupo de investigación GEN da Universidade e Vigo

Alberto Vaquero García

Profesor titular de Economía Aplicada e membro do grupo de investigación GEN da Universidade e Vigo

Índice capítulo 1

A ECONOMÍA GALEGA EN 2019	3
1.1. Contorna internacional e estatal.....	3
1.1.1. Contorna internacional	3
1.1.2. Contorna estatal.....	4
1.2. Crecemento económico galego.....	9
1.2.1. A perspectiva da demanda.....	9
1.2.2. A perspectiva da oferta	10
1.2.3. O PIB das provincias galegas	11
1.2.4. A crise das explotacións gandeiras da vacún de orientación leiteira.....	12
1.3. Variacións do PIB e do emprego: a produtividade.....	15
1.3.1. Balance do mercado de traballo	15
1.3.2. Produtividade do traballo e competitividade empresarial	19
1.4. Benestar económico-social: taxas de pobreza; alta desigualdade	20
1.4.1. Dificultades económicas dos fogares	20
1.4.2. Ingresos medios por persoa e por fogar	21
1.4.3. A poboación en risco de pobreza	23
1.4.4. Distribución da renda	24
1.5. Participación dos salarios no VEB. Custos laborais e salariais	25
1.5.1. Peso das remuneracións salariais no PIB de Galicia, España e a UE	25
1.5.2. Custos laborais. Xornada laboral.....	26
1.5.3. O salario mínimo interprofesional (SMI).....	29
1.6. A variación do IPC.....	30
1.7. Comercio exterior.....	31
1.7.1. Comercio internacional galego	31
1.7.2. Comercio galego con outras comunidades autónomas.....	32

CAPÍTULO 1. A ECONOMÍA GALEGA EN 2019

1.1. Contorna internacional e estatal

1.1.1. Contorna internacional

O obxectivo deste capítulo é analizar a situación da economía galega no ano 2019, en perspectiva estatal e internacional.

No cadro 1.1 figuran os índices de variación do PIB, os prezos e as taxas de desemprego en China, EE UU, OCDE, UE, UEM no último sexenio (2014-2019). No caso da UE indícanse os datos dos cinco Estados con un meirande PIB: Alemaña, Reino Unido, Francia, Italia e España.

No ano 2019 seguiu a recuperación económica no conxunto da OCDE. Pola súa banda, a economía chinesa acadou un crecemento do 6,2%. En 2019 a UE, UEM e a OCDE viron aumentar o seu PIB: 1,5%, 1,2% e 1,7%, respectivamente, aínda que con menores incrementos que no ano 2018: 2,1%, 1,9% e 2,3%, respectivamente.

No que atinxe á variación porcentual de índice de prezos ao consumo (IPC), cabe salientar:

- O incremento do nivel dos prezos dos bens e servizos, tanto na UE (2,3%) como en EE UU (1,9%).
- A suba do IPC (2,3%) para o conxunto da OCDE.
- A menor suba do IPC en España (1,1%) respecto de 2018 (1,7).

Cadro 1.1

Economía internacional: % de variación do PIB, IPC e taxa de paro. 2014-2019

Período	OCDE	Unión Europea						Reino Unido	EE UU	China
		Total UE ⁽³⁾	UEM	España	Alemaña	Francia	Italia			
PIB⁽¹⁾										
2014	2,2		1,4	1,4	2,2	1,0	0,1	2,6	2,5	7,3
2015	2,5		2,0	3,8	1,5	1,0	0,7	2,4	2,9	7,0
2016	1,8		1,9	3,0	2,1	1,0	1,4	1,9	1,6	6,9
2017	2,7	2,8	2,7	2,9	2,8	2,4	1,7	1,9	2,4	6,9
2018	2,3	2,1	1,9	2,4	1,6	1,8	0,7	1,3	2,9	6,8
2019	1,7	1,5	1,2	2,0	0,6	1,5	0,3	1,4	2,3	6,2
Taxa de desemprego										
2014	7,4		11,6	24,5	5,0	10,3	12,6	6,2	6,2	3,6
2015	6,8		10,9	22,1	4,6	10,4	11,9	5,3	5,3	3,4
2016	6,5	9,1	10,0	19,6	4,2	10,0	11,7	4,8	4,9	3,1
2017	5,9	8,2	9,1	17,2	3,8	9,4	11,3	4,3	4,3	2,8
2018	5,5	7,3	8,2	15,3	3,4	9,0	10,6	4,0	3,9	2,4
2019	5,4	6,7	7,6	14,1	3,2	8,5	9,9	3,7	3,7	
IPC⁽²⁾										
2014	1,8		0,5	-0,1	0,9	0,7	0,3	1,6	1,7	2,0
2015	0,7		0,2	-0,7	0,7	0,1	0,1	0,1	0,1	1,4
2016	1,1	0,1	0,1	-0,5	0,2	0,2	-0,1	0,5	1,1	1,9
2017	2,2	1,5	1,4	2,0	1,6	1,1	1,2	2,4	2,1	1,7
2018	2,5	1,7	1,6	1,7	1,8	1,9	1,1	2,7	2,4	2,0
2019	2,3	1,6	1,4	1,1	1,6	1,5	0,9	2,0	1,9	2,4

(1) En porcentaxe de variación interanual, a prezos constantes.

(2) Índices harmonizados de prezos de consumo nos Estados da UE.

(3) Non inclúe Reino Unido

Fonte: BCE, OCDE.

1.1.2. Contorna estatal

No período 2001-2007 España foi o país que máis medrou da UE e OCDE. A situación mudou radicalmente a partir de 2008, pola Gran Recesión. España tivo en 2019 o segundo maior crecemento económico dos recollidos no cadro 1.1, só tras China e os EE UU.

No que atinxe á taxa de desemprego, en España en 2019 foi do 14,1%, 1,2 puntos porcentuais menos que no 2018, pero continúa a duplicar a media da UE27 (6,7%), rexistrando case o triplo que no conxunto da OCDE (5,4%), e case o cuádruplo que en EE UU (3,7%). España segue a ser, xunto coa economía helenica, o país da UE cunha maior taxa de paro en 2019.

O cadro 1.2, que recolle unha visión comparativa do crecemento económico dende 2007 a 2019 en Galicia e España, amosa que:

- No cuadrienio 2007-2010 o PIB de Galicia evolucionou mellor que o español.
- No bienio 2011-2012, o PIB en Galicia baixou máis que a media estatal.
- En 2013 foi mellor o comportamento do PIB en Galicia. En 2014 recupera o ritmo positivo de crecemento, aínda que por baixo do resultado a nivel estatal, e a partir do 2015 comeza a recuperarse notablemente, acadando en 2019 un crecemento lixeiramente menor (1,8%) que a media estatal (2,0%).

Cadro 1.2

Porcentaxes de variación anual do PIB real⁽¹⁾. Galicia/España. 2007-2019

	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
Galicia	4,7	1,1	-4,1	0,5	-2,3	-3,1	-0,8	1,2	2,8	3,3	2,3	2,2	1,8
España	3,6	0,9	-3,8	0,2	-0,8	-3,0	-1,4	1,4	3,8	3,0	2,9	2,4	2,0

(1) Os valores do PIB foron recalculados polo INE en 2019, variando respecto a versións anteriores.

Fonte: INE e IGE.

Os datos para 2018 da Contabilidade rexional de España, e que figuran no cadro 1.3 amosan que:


- Galicia (2,2%) acadou un crecemento económico lixeiramente menor que a media estatal (2,4%), similar a Andalucía e Cataluña.
- Só seis comunidades autónomas (CC.AA.) rexistraron subas do PIB maiores que Galicia: Aragón (3,0%), Baleares (2,4%), Cantabria (2,8%), Castela e León (2,5%), Madrid (3,1%) e Navarra (2,6%).
- Noutro extremo, Murcia (1,0%), A Rioxa (1,5%) e as cidades autónomas de Ceuta e Melilla (cun 1,3% y 1,6%, respectivamente) rexistraron o menor crecemento económico.

Cadro 1.3

Taxa de crecemento⁽¹⁾ do PIB. Por CC.AA. 2018

	2018
Andalucía	2,2
Aragón	3,0
Asturias	1,9
Baleares	2,4
Canarias	2,4
Cantabria	2,8
Castela-A Mancha	2,0
Castela e León	2,5
Cataluña	2,2
C. Valenciana	1,9
Extremadura	1,9
Galicia	2,2
Madrid	3,1
Murcia	1,0
Navarra	2,6
País Vasco	2,0
A Ríoxa	1,5
Ceuta	1,3
Melilla	1,6
España	2,4

(1) En termos de volume.
Fonte: INE, Contabilidade rexional de España.



O cadro 1.4 recolle os datos do PIB por habitante. A información presentada reflicte que en 2018:

- O PIB per cápita foi en Galicia de 23.183 euros, por baixo da media estatal (25.727 euros). Nove CC.AA. estiveron por riba de Galicia neste indicador económico e sete por baixo (máis as dúas cidades autónomas).
- Madrid (35.041 euros), País Vasco (33.223 euros), Navarra (31.389 euros) e Cataluña (30.426 euros) foron, igual que nos últimos anos, as de maior PIB por habitante.
- Extremadura (18.769 euros) e Andalucía (19.107 euros) seguen a ser as CC.AA. cun PIB por habitante máis baixo. Nesta lista tamén hai que incluír as dúas cidades autónomas (Ceuta, con 20.120 euros, e Melilla, con 18.533 euros).

Cadro 1.4

**PIB por habitante en euros.
Por CC.AA. 2018**

	2018
Madrid	35.041
País Vasco	33.223
Navarra	31.389
Cataluña	30.426
Aragón	28.151
Baleares	27.682
A Ríoxa	27.225
España	25.727
Castela e León	24.031
Cantabria	23.757
Galicia	23.183
Asturias	22.789
C. Valenciana	22.426
Murcia	21.269
Canarias	20.892
Castela-A Mancha	20.363
Ceuta	20.120
Andalucía	19.107
Estremadura	18.769
Melilla	18.533

Fonte: INE, Contabilidade rexional de España.

A posición relativa en PIB per cápita de cada comunidade e cidade autónoma, recollida no cadro 1.5, reflicte que no ano 2018:

- Galicia quedou un 9,9% por baixo da media estatal.
- No nivel superior, Madrid superou nun 36,2% á media española e o País Vasco, nun 29,4%.
- No baixo da media estatal aparecen Ceuta (-21,8%), Andalucía (-25,7%), Melilla (-27,9%) e Estremadura (-27,1%).

Cadro 1.5**Relación do PIB per cápita das CC.AA.
respecto do estatal. 2017-2018**

	2017	2018
	%	%
Madrid	36,33	36,20
País Vasco	28,83	29,14
Navarra	22,18	22,01
Cataluña	19,04	18,26
Aragón	8,59	9,42
Baleares	8,67	7,60
A Ríoxa	6,24	5,82
Castela e León	-7,21	-6,59
Cantabria	-8,82	-7,66
Galicia	-10,24	-9,89
Asturias	-11,97	-11,42
C. Valenciana	-12,46	-12,83
Murcia	-16,83	-17,33
Canarias	-18,07	-18,79
Castela-A Mancha	-21,37	-20,85
Ceuta	-21,75	-21,79
Andalucía	-25,90	-25,73
Estremadura	-27,23	-27,05
Melilla	-28,17	-27,96

Fonte: INE, Contabilidade rexional de España.

A perspectiva estática do cadro 1.5 complementámola co cadro 1.6, que recolle a evolución comparativa do PIB por habitante en Galicia e España no período 2008-2018, isto é, o valor cada ano da porcentaxe de Galicia sobre a media estatal.

Compróbase que:

- O PIB per cápita de Galicia no 2018 (23.183 euros) medrou por sexto ano consecutivo e tivo o maior crecemento en valor absoluto do período analizado, superando xa o acadado antes da última crise económica.
- Galicia recortou en 2,5 décimas a diferenza coa media estatal dende 2008 ata 2018, ata situarse este último ano no 90,1% da media estatal.

Cadro 1.6**PIB por habitante (en euros). Galicia/España. 2008-2018⁽¹⁾**

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018
Galicia	21.145	20.333	20.481	20.121	19.514	19.586	19.782	20.794	21.482	22.411	23.183
% Galicia/España	87,6	88,2	88,9	88,4	88,5	89,4	89,0	89,6	89,6	89,76	90,11

(1) Datos definitivos ata 2016, provisionais en 2017 e avance en 2018.

Fonte: INE, Contabilidade rexional de España.

A avaliación da dinámica do PIB por habitante en Galicia en comparanza coa media da UE reflicte o proceso de converxencia (ou de diverxencia) dos dous ámbitos territoriais. Ao fío do cadro 1.7, Galicia avanzou ininterrompidamente dende 2006 a 2009, e o proceso de converxencia dese cuadrienio freouse de súpeto coa Gran Recesión, e entre 2010 a 2013 ampliouse a diverxencia. A partir de 2014 a situación mellora, ata situarse en 2018 no 81,6% do PIB da UE.

Cadro 1.7

Evolución do PIB por habitante⁽¹⁾. Galicia/ UE. 2005-2018

	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018
%PIB Galicia/UE	83,3	86,6	88,1	88,1	87,8	84,7	81,3	79,4	79,5	79,4	80,8	81,6	82,4	81,6

(1) En paridade de poder adquisitivo. Media do PIB por habitante da UE=100; dentro da UE 27 ata o ano 2011e da UE 28 despois.
Fonte: Eurostat.

O cadro 1.8 reflicte que:

- España avanzou no ano 2006 en porcentaxe de PIB por habitante respecto da media da UE, pero de 2008 a 2013 ampliouse cada ano a diverxencia entre ambos os valores.
- Os anos 2006 (cun 102,8%) e 2013 (cun 88,8%) marcan os niveis máximo e mínimo, respectivamente, da posición relativa de España na UE en PIB per cápita.
- En 2018 o indicador foi do 90,6%, o que mostra unha perda respecto o ano 2017 (91,7%).

Cadro 1.8

Evolución do PIB por habitante⁽¹⁾. España/ UE. 2005-2018

	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018
%PIB España/UE	100,4	102,8	102,3	100,8	99,6	95,3	91,6	89,9	88,8	89,2	90,4	91,1	91,7	90,6

(1) En paridade de poder adquisitivo. Media do PIB por habitante da UE=100; dentro da UE 27 ata o ano 2011e da UE 28 despois.
Fonte: Eurostat.

Case todas as CC.AA. experimentaron unha variación negativa en termos de converxencia coa UE entre 2012 e 2018. O cadro 1.9 recolle a variación en 2018 do PIB por persoa por CC.AA. A partir dos datos presentados, pódese salientar que:

- Galicia ocupa o posto décimo.
- Só sete CC.AA. quedaron en 2018 por riba da media da UE-28 en renda por habitante: Madrid (124%), País Vasco (117%), Navarra (111%), Cataluña (107%), Aragón (99%), Baleares (98%) e A Ríoxa (96%).

- As cinco CC.AA. con maior *diverxencia* en 2018 respecto da media da UE-28 en PIB por habitante foron: Estremadura (66%), Andalucía (67%), Castela-A Mancha (72%) e Canarias (74%).

Cadro 1.9**Converxencia coa UE⁽¹⁾. Por CC.AA. 2018. 2012-2018**

	% variación 2012-2018	% sobre PIB da UE en 2018 ⁽¹⁾
Madrid	0,0	124
País Vasco	0,0	117
Navarra	0,9	111
Cataluña	1,9	107
Aragón	2,1	99
Baleares	2,1	98
A Ríoxa	-1,0	96
España	1,1	91
Castela e León	0,0	85
Cantabria	0,0	84
Galicia	2,5	82
Asturias	-1,2	80
C. Valenciana	1,3	79
Murcia	1,4	75
Canarias	-2,6	74
Castela-A Mancha	0,0	72
Andalucía	0,0	67
Estremadura	4,8	66

(1) En porcentaxe sobre a media do PIB por habitante da UE=100. En paridade de poder adquisitivo.

Fonte: Eurostat.

1.2. Crecemento económico galego

Este epígrafe afonda no estudo do PIB de Galicia no último sexenio, en concreto, faise a análise dende as perspectivas da demanda e máis da oferta, desagregando as compoñentes internas e temporal.

1.2.1. A perspectiva da demanda

A perspectiva da demanda (cadro 1.10) faise a partir da información publicada polo Instituto Galego de Estatística (IGE) nas Contas económicas trimestrais. En 2019, as exportacións de bens e servizos reducíronse un 0,4%, mentres que as importacións creceron un 1,8%.

Neste mesmo ano o gasto en consumo final das Administracións públicas aumentou en Galicia un 1,9%. O gasto dos fogares e institucións sen fin de lucro ao servizo das

familias (ISFLSF) rexistrou un comportamento positivo en 2019 (3,3%). Finalmente, a formación bruta de capital acadou en 2019 un moi bo comportamento (2,7%).

Cadro 1.10

PIB de Galicia. Compoñentes da demanda. 2013-2019

	Gasto en consumo final		Formación bruta de capital	Demanda interna	Exportacións de bens e servizos	Importacións de bens e servizos
	Fogares e ISFLSF	AA. PP.				
2013	-2,8	-0,8	-12,1	-4,3	11,2	3,5
2014	-0,6	-1,2	6,6	0,4	-2,1	-3,3
2015	1,4	1,4	3,3	1,8	2,3	0,3
2016	2,0	1,5	0,9	1,7	5,0	1,9
2017	3,0	2,0	6,7	3,4	7,3	9,5
2018	3,1	1,3	4,9	3,0	3,1	4,6
2019	3,3	1,9	2,7	3,0	-0,4	1,8

Datos en porcentaxe de variación interanual corrixidos de estacionalidade e calendario.

Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais.

O cadro 1.11 permite unha análise temporal máis polo miúdo dos compoñentes da demanda. En xeral, as taxas son positivas, mais temos que destacar a redución nalgúns trimestres das exportacións e importacións de bens e servizos (primeiro e segundo e segundo, respectivamente) polo comportamento da economía internacional.

Cadro 1.11

PIB de Galicia. Compoñentes da demanda. Por trimestres. 2019

	Gasto en consumo final			Formación bruta de capital	Demanda Interna	Exportación de bens e servizos	Importación de bens e servizos
	Total	Fogares e SFLSF	AA. PP.				
1T	2,4	3,1	0,4	4,7	2,9	-0,1	1,6
2T	3,0	3,4	1,6	3,3	3,1	-5,3	-2,6
3T	3,4	3,5	3,1	3,1	3,4	1,7	4,7
4T	3,0	3,2	2,6	-0,4	2,5	2,4	3,6

Datos en porcentaxe de variación interanual corrixidos de estacionalidade e calendario.

Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais.

1.2.2. A perspectiva da oferta

O cadro 1.12 permite analizar a evolución dende a perspectiva da oferta. Neste contexto, en 2019 creceron o sector da construción (2,6%) e servizos (2,7%). O menor crecemento foi na agricultura, gandería, silvicultura e pesca (0,2%). Ademais, a industria recolle un decrecemento do 1,3%.

Cadro 1.12

PIB de Galicia. Compoñentes da oferta. 2013-2019

	Agricultura, gandaría, silvicultura e pesca	Industria	Construción	Servizos
2013	4,9	5,7	-9,1	-0,9
2014	3,3	0,3	-0,6	1,1
2015	1,8	0,7	3,4	2,9
2016	-0,3	6,3	5,1	2,8
2017	-0,7	3,1	5,9	1,7
2018	-1,9	3,8	4,6	1,9
2019	0,2	-1,3	2,6	2,7

Datos en porcentaxe de variación interanual, corrixidos de estacionalidade e calendario.

Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais.

Esta información pode completarse coa análise temporal máis polo miúdo dos compoñentes da oferta do PIB en Galicia en 2019 por trimestres. Compróbase un descenso no crecemento da construción, servizos e agricultura, gandaría e pesca. Na industria a perda dos primeiros trimestres recupérase a partir do terceiro e no cuarto o crecemento xa é positivo.

Cadro 1.13

PIB de Galicia. Compoñentes da oferta. Por trimestres. 2019

	Agricultura, gandaría, silvicultura e pesca	Industria	Construción	Servizos
1T	-0,1	-2,5	4,7	3,1
2T	0,4	-2,3	3,6	2,6
3T	0,3	-0,9	1,7	2,6
4T	0,0	0,4	0,6	2,5

Datos en porcentaxe de variación interanual, corrixidos de estacionalidade e calendario.

Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais.

1.2.3. O PIB das provincias galegas

Os últimos datos publicados polo Instituto Nacional de Estatística (INE) por provincias son os correspondentes a 2017 (provisionais). No cadro 1.14 preséntase a evolución do seu crecemento económico.

Do PIB de Galicia no ano 2017 (60,6 millóns de euros), as provincias atlánticas aportan un 76,7% do total. En concreto, a provincia da Coruña xerou un 43,2% e a de Pontevedra un 33,6%. As provincias de Lugo (12,6%) e Ourense (10,6%) pechan a clasificación, sumando entre as dúas menos da cuarta parte (23,3%) do PIB de Galicia.

Cadro 1.14

PIB* a prezos de mercado das provincias galegas. 2010-2017

	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017 (p)
A Coruña	25.135.061	24.508.808	23.551.939	23.396.979	23.213.042	24.444.237	25.202.953	26.144.519
Lugo	6.791.999	6.748.398	6.608.098	6.590.719	6.760.359	7.065.563	7.451.129	7.661.522
Ourense	6.283.395	6.341.864	6.245.623	6.091.904	6.040.797	6.217.027	6.318.562	6.441.121
Pontevedra	18.814.717	18.229.054	17.617.542	17.630.514	17.966.884	18.573.212	19.307.304	20.338.727

* A prezos correntes.

(p): datos provisionais.

Fonte: INE, Contabilidade rexional de España.

1.2.4. A crise das explotacións gandeiras de vacún de orientación leiteira

Unha das actividades máis salientables no sector agro-gandeiro en Galicia é a produción de leite. De aí, a necesidade de sinalar esta produción de xeito diferenciado. No cadro 1.15 recóllese a distribución por CC.AA. da produción de leite de vaca para 2018. Galicia, como é habitual, encabeza con gran diferenza, a clasificación, achegando un 38,7% do total estatal.

Cadro 1.15

Produción de leite*. Por CC.AA. 2018

Andalucía	560,8
Aragón	152,3
Asturias	586,1
Baleares	70,8
Canarias	47,2
Cantabria	450,1
Castela-A Mancha	270,2
Castela e León	915,4
Cataluña	752,2
C. Valenciana	79,9
Extremadura	28,1
Galicia	2.835,4
Madrid	62,0
Murcia	65,6
Navarra	249,0
País Vasco	188,1
A Ríoxa	22,6
España	7.335,6

* En miles de toneladas métricas.

Fonte: Ministerio de Agricultura, Pesca, Alimentación e Medio Ambiente (2020).


As oscilacións do prezo por litro de leite de vaca pagado ás explotacións leiteiras de Galicia teñen sempre unha importantísima repercusión na renda total e máis no emprego do subsector agro-gandeiro. O cadro 1.16 presenta o prezo do litro do leite nas distintas CC.AA. en xaneiro de 2020.

- Galicia é a comunidade cun prezo máis baixo (0,326 euros/litro).
- O prezo máis alto dáse en Canarias (0,451) superando ao de Galicia en xaneiro de 2020 en 0,125 €/litro.

Cadro 1.16

Prezo do leite en xaneiro 2020. Por CC.AA.

	N ⁽¹⁾	Prezo ⁽²⁾
Andalucía	485	0,348
Aragón	49	0,334
Asturias	1.618	0,356
Baleares	113	0,354
Canarias	100	0,451
Cantabria	1.103	0,332
Castela-A Mancha	170	0,349
Castela e León	992	0,338
Cataluña	436	0,333
Estremadura	61	0,339
Galicia	7.092	0,326
Madrid	40	0,347
Murcia	22	0,332
Navarra	143	0,336
País Vasco	292	0,351
A Rioxa	9	0,347
C. Valenciana	20	0,350



(1) N= número de explotacións lácteas incluídas neste estudo. En miles de litros.

(2) Prezo medio ponderado, en euros por litro.

Fonte: FEAGA - Fondo Español de Garantía Agraria. Declaracións de leite.

Se no canto dunha análise estática analízase a evolución para 2019 do prezo do leite (calculado coa ponderación dos prezos declarados polos compradores) compróbase que Galicia rexistrou unha diminución intensa e continua dende abril ata agosto, como reflicte a columna “total estratos” do cadro 1.17.

- Na media das explotacións de vacún de Galicia, o prezo do leite subiu lixeiramente en Galicia entre xaneiro e decembro, pasando dos 31,7 aos 32,7 céntimos por litro.
- Os menores prezos percibíronos as persoas propietarias das explotacións gandeiras máis pequenas; as do estrato 6 (de 700.001 kg/ano ou máis) cobraron en decembro de 2019 un prezo (33,4 céntimos) que superou en 0,72 céntimos/litro á media (32,7 céntimos), mentres que nas de menor tamaño (cota láctea inferior a 100.000 kg/ano) o prezo (29,0) quedou 3,7 céntimos por baixo desa media.
- O prezo de venda do litro en decembro de 2019 quedou nos estratos máis pequenos por baixo do custo de produción (estimado en 0,31 euros/litro).

Cadro 1.17

Prezos do leite, declarados polos compradores. Galicia. 2019. Por meses

	Total estratos	Estrato 1	Estrato 2	Estrato 3	Estrato 4	Estrato 5	Estrato 6
Xaneiro	31,70	28,31	29,92	30,53	31,35	31,82	32,43
Febreiro	31,50	28,16	29,94	30,47	31,19	31,67	32,25
Marzo	31,30	28,08	29,76	30,22	31,15	31,51	32,09
Abril	31,50	28,13	29,87	30,42	31,22	31,60	32,20
Maio	31,40	27,99	29,84	30,51	31,07	31,55	32,06
Xuño	31,10	27,80	29,56	30,37	30,83	31,34	31,83
Xullo	30,90	27,45	29,28	30,04	30,47	31,18	31,66
Agosto	31,00	27,58	29,38	29,99	30,63	31,16	31,62
Setembro	31,50	27,90	29,73	30,28	31,03	31,65	32,15
Outubro	32,10	28,35	30,29	30,95	31,70	32,21	32,73
Novembro	32,60	28,83	30,84	31,41	32,31	32,81	33,23
Decembro	32,70	29,03	30,90	31,49	32,41	32,85	33,42

€100 litros, sen IVE.

Estrato 1: Explotacións de vacún cota ata 100.000 kg de leite/ano.

Estrato 2: entre 100.001e 200.000 kg.

Estrato 3: entre 200.001e 300.000 kg.

Estrato 4: entre 300.001e 400.000 kg.

Estrato 5: entre 400.001e 700.000 kg.

Estrato 6: maior de 700.001kg de leite/ano.

Fonte: Fondo Galego de Garantía Agraria.

Ao fío do cadro 1.18 pódese salientar que:

- O prezo medio percibido polo litro de leite en Galicia en decembro de 2019 foi de 32,7 céntimos. A pesar desta mellora respecto a outros anos, o importe a pagar é inferior ao satisfeito noutros países e CC.AA. (a media na UE foi superior aos 34 céntimos por litro).
- Ese prezo medio agocha unha forte heteroxeneidade por tamaño de explotación, sendo menor nas explotacións máis pequenas, o que pode facer pouco rendible a súa produción.

Cadro 1.18


Prezo do leite en Galicia declarado polos compradores en 2019 (euros/100 litros, sen iva)

	Xan	Feb	Mar	Abr	Mai	Xuñ	Xull	Ago	Set	Out	Nov	Dec
Estrato 1<100.000	28,31	28,16	28,08	28,13	27,99	27,80	27,45	27,58	27,90	28,35	28,83	29,03
Estrato 2100.001-200.000	29,92	29,94	29,76	29,87	29,84	29,56	29,28	29,38	29,73	30,29	30,84	30,90
Estrato 3200.001-300.000	30,53	30,47	30,22	30,42	30,51	30,37	30,04	29,99	30,28	30,95	31,41	31,49
Estrato 4300.001-400.000	31,35	31,19	31,15	31,22	31,07	30,83	30,47	30,63	31,03	31,70	32,31	32,41
Estrato 5400.001-700.000	31,82	31,67	31,51	31,60	31,55	31,34	31,18	31,16	31,65	32,21	32,81	32,85
Estrato 6>700.001	32,43	32,25	32,09	32,20	32,06	31,83	31,66	31,62	32,15	32,73	33,23	33,42
Prezo medio ponderado	31,70	31,50	31,30	31,50	31,40	31,10	30,90	31,00	31,50	32,10	32,60	32,70

NOTA 1 Os datos do último mes correspóndense á situación das declaracións realizadas polos compradores na aplicación LacDec á data 5 de febreiro de 2019.

NOTA 2: Os datos de tramos de produción a partir de abril de 2015 non están referenciados á cota láctea; para determinar o tramo que lle corresponde a cada produtor, estímase a súa produción anual con base na seguinte estacionalidade mensual: Estacionalidade da produción de leite en Galicia (peso relativo medio de cada mes nos últimos 8 períodos lácteos): xan: 8,38%; feb: 7,83%; mar: 8,82%; abr: 8,56%; mai: 8,89%; xuñ: 8,47%; xul: 8,65%; ago: 8,42%; set: 7,92%; out: 8,07%; nov: 7,80%; dec: 8,19%.

Fonte: Fondo Galego de Garantía Agraria.



1.3. Variacións do PIB e do emprego: a produtividade

O obxectivo deste apartado é realizar unha análise do estado actual e máis da evolución nos últimos anos da produtividade do factor traballo na economía galega, en termos comparados coa media estatal.

1.3.1. Balance do mercado de traballo

A análise pivota sobre dúas fontes de datos: a Enquisa de poboación activa (EPA) do INE, e as Contas económicas de Galicia, do IGE.

1.3.1.1. Balance de indicadores laborais a partir dos datos da EPA

O cadro 1.19 representa a evolución de sete variables laborais (poboación activa, ocupada, asalariada, desempregada e as taxas de actividade, ocupación e paro), co obxecto de avaliar a traxectoria do mercado de traballo de Galicia dende 2009 ata 2019. A partir da información recollida conclúese que:

- A poboación activa, tras unha baixada e tres subas no cuadrienio 2009-2012 e a continua diminución dende 2013, pechou este último ano con 78.400 persoas menos respecto de 2009.
- No que atinxe á ocupación, entre 2009-2014 caracterízase por un ininterrompido proceso de caída, que supuxo a destrución neta de 157.400 empregos. Esta forte diminución da poboación ocupada en Galicia dende 2009 é unha das peores pegadas que deixou a intensa e prolongada crise económica. A partir de 2015 prodúcese unha importante mellora, que se mantén en 2019 cun aumento de 17.600 persoas respecto ao ano 2018.
- No período analizado, a poboación asalariada acadou o valor máis alto en 2009 (ao igual que a poboación ocupada) e dende entón ata 2013 Galicia perdeu 122.700 empregos por conta allea (-15,8%). No último quinquenio (2015-2019) subiu en 78.100 o número de persoas asalariadas.
- A poboación desempregada galega, que en 2009 era de 164.100 persoas pasou a ser de 284.600 en 2013 (un aumento de 120.500). A partir de 2014 a poboación desempregada en Galicia comeza a reducirse. En 2019 sitúase en 145.900 persoas (18.200 persoas desempregadas menos que en 2009).
- A taxa de actividade da poboación de 16 ou máis anos estivo practicamente estancada no período 2009-2012 e logo experimentou unha caída de 1,5 puntos porcentuais, chegando a representar o 53,1% en 2019, un resultado similar ao de 2018 (53,3%), que amosa certa estabilidade. A taxa de actividade dos homes foi do 57,5 % e a das mulleres do 49,1 %.
- A taxa de ocupación sufriu unha diminución importante e continuada en Galicia dende 2009 ata 2014. A partir de 2015 comeza a mellora, situándose no 46,9% en 2019, un aumento de 0,7 puntos porcentuais respecto a 2018.
- A taxa de desemprego galega pasou de 2009 a 2013 do 12,4% ao 22,0%; a diminución de 5,9 puntos porcentuais no quinquenio 2015-2019 permitiu pechar 2019 cun 11,8% de taxa de paro, 1,5 puntos porcentuais menos que en 2018. Comparando a situación por sexo, a taxa de paro masculina en 2019 en Galicia foi do 10,3%, fronte ao 13,3% das mulleres.

Cadro 1.19

Balance do mercado de traballo. Galicia. 2009-2019

Período	Poboación activa	Poboación ocupada	Poboación asalariada	Poboación desempregada	Taxa de actividade	Taxa de ocupación	Taxa de paro
2009	1.319,5	1.155,4	898,0	164,1	54,8	48,0	12,4
2010	1.304,4	1.104,5	865,4	199,9	54,2	45,9	15,3
2011	1.316,6	1.089,3	852,3	227,2	54,8	45,3	17,3
2012	1.317,7	1.047,2	810,1	270,5	55,0	43,7	20,5
2013	1.290,9	1.006,4	775,3	284,6	54,2	42,2	22,0
2014	1.273,9	998,0	779,5	275,8	53,8	42,1	21,7
2015	1.260,7	1.017,2	800,2	243,4	53,5	43,1	19,3
2016	1.256,1	1.040,6	817,9	215,4	53,5	44,3	17,2
2017	1.248,3	1.052,7	827,3	195,6	53,3	45,0	15,7
2018	1.243,5	1.077,6	862,4	165,9	53,3	46,2	13,3
2019	1.241,1	1.095,2	878,3	145,9	53,1	46,9	11,8

Datos en medias anuais.

Fonte: IGE, Enquisa de poboación activa.

1.3.1.2. Balance de indicadores laborais cos datos das Contas económicas de Galicia

A segunda aproximación da análise da evolución do mercado de traballo de Galicia farase a partir da estatística das Contas económicas trimestrais sobre postos de traballo equivalentes a tempo completo; o que permite aproximar mellor á variación do emprego neto de Galicia. No cadro 1.20 recóllense os datos do último sexenio, por sectores e ramas:

- En medias anuais, a poboación ocupada de Galicia subiu en 2019 en 67.147 persoas respecto de 2013.
- A diminución neta de postos de traballo rexistrouse só na agricultura, gandería, silvicultura e pesca (2.460 persoas menos) e en certos tipos de servizos (actividades financeiras e de seguros, con 2.896 persoas menos), actividades artísticas, recreativas e outros servizos (1.577 persoas menos) e servizos non de mercado (1.927 persoas menos).

Cadro 1.20

Emprego* segundo actividade económica. Galicia. 2013-2019

	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
TOTAL POBOACIÓN OCUPADA	956.961	940.518	950.736	969.142	990.793	1.012.126	1.024.108
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	73.502	67.575	65.129	68.750	74.882	72.205	71.042
Industria	137.640	133.962	134.861	139.061	142.188	146.017	147.549
Construción	71.624	70.223	73.280	70.944	70.909	73.576	75.373
Servizos	674.195	668.758	677.466	690.387	702.814	720.328	730.144
-Comercio, transporte e hostalaría	277.856	268.931	269.308	271.998	283.540	291.152	292.930
-Información e comunicacións	14.652	15.114	16.207	17.221	18.470	19.212	19.732
-Actividades financeiras e de seguros	19.469	18.339	16.221	18.075	17.040	16.918	16.573
-Actividades inmobiliarias	6.131	6.593	7.005	6.893	7.141	7.405	7.639
-Actividades profesionais	87.262	87.345	86.351	93.492	98.280	103.331	105.894
-Administración pública (sanidade e educación)	197.187	199.897	207.531	205.369	207.238	213.594	217.315
-Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	71.638	72.539	74.843	77.339	71.105	68.716	70.061
Servizos non de mercado	161.920	161.109	162.096	160.395	157.890	159.086	159.993

* En postos de traballo equivalentes a tempo completo.
Os datos están corrixidos de efectos estacionais e de calendario.
Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais.

O cadro 1.21 recolle, cunha estrutura semellante á do cadro anterior, as porcentaxes de variación interanuais do emprego, medido en postos de traballo equivalentes a tempo completo. Nel pódese salientar:

- A redución da poboación ocupada de Galicia de 2014 deu paso, a partir de 2015, a subas continuadas. En 2019 foi do 1,2% en media anual, e pódese apreciar que esa suba vai perdendo intensidade no segundo semestre do ano. Así, no primeiro trimestre creceu un 1,6% e no segundo un 1,5%. Porén, no terceiro e cuarto a suba foi menor, do 0,9% e 0,8%, respectivamente.
- Por sectores de actividade económica, o sector máis dinámico foi a construción (2,5%).
- No sector servizos a situación é moi dispar, en función das ramas de actividade, destacando o crecemento do 2,7% no subsector de información e comunicacións.

Cadro 1.21

Porcentaxe de variación de emprego* segundo actividade. Galicia. 2014-2019

	En medias anuais						Datos trimestrais			
	2014	2015	2016	2017	2018	2018	2019/I	2019/II	2019/III	2019/IV
TOTAL POBOACIÓN OCUPADA	-1,7	1,1	1,9	2,2	2,2	1,2	1,6	1,5	0,9	0,8
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	-8,1	-3,6	5,6	8,9	-3,6	-1,6	-5,2	1,0	-0,9	-1,2
Industria	-2,7	0,7	3,1	2,2	2,7	1,0	1,9	0,6	0,2	1,4
Construción	-2,0	4,4	-3,2	0,0	3,8	2,4	4,2	3,1	2,3	0,2
Servizos	-0,8	1,3	1,9	1,8	2,5	1,4	1,9	1,5	1,1	0,9
-Comercio, transporte e hostalaría	-3,2	0,1	1,0	4,2	2,7	0,6	0,9	0,8	0,5	0,2
-Información e comunicacións	3,2	7,2	6,3	7,3	4,0	2,7	3,1	2,9	2,4	2,4
-Actividades financeiras e de seguros	-5,8	-11,5	11,4	-5,7	-0,7	-2,0	-1,6	0,3	-3,8	-3,0
-Actividades inmobiliarias	7,5	6,2	-1,6	3,6	3,7	3,2	3,4	3,9	2,6	2,7
-Actividades profesionais	0,1	-1,1	8,3	5,1	5,1	2,5	3,7	2,5	1,9	1,8
-Administración pública (sanidade e educación)	1,4	3,8	-1,0	0,9	3,1	1,7	1,8	1,9	1,9	1,4
-Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	1,3	3,2	3,3	-8,1	-3,4	2,0	4,2	1,5	0,8	1,4
Servizos non de mercado	-0,5	0,6	-1,0	-1,6	0,8	0,6	0,4	0,7	0,7	0,5

* En postos de traballo equivalentes a tempo completo.
Os datos están corrixidos de efectos estacionais e de calendario.
Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais.

A evolución do emprego neto en Galicia dende 2008, medido en postos de traballo equivalentes, preséntase no cadro 1.22, que reflicte nitidamente a gran intensidade da destrución da ocupación en Galicia durante a crise. En 2019, o mellor comportamento é o da construción (2,4%), e o peor o da agricultura, gandería, silvicultura e pesca (-1,6%).

Cadro 1.22

Porcentaxe de variación de emprego * por sectores produtivos. Galicia. 2009-2019

	Total poboación ocupada	Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	Industria	Construción	Servizos	Servizos non de mercado
2009	-5,7	-3,4	-10,1	-11,2	-3,8	1,9
2010	-3,4	-2,1	-4,2	-9,5	-2,2	-1,6
2011	-4,0	-2,9	-5,1	-15,6	-2,0	-4,1
2012	-5,1	-3,8	-7,5	-17,6	-2,9	-3,6
2013	-2,3	-4,0	-3,6	-10,7	-0,9	0,0
2014	-1,7	-8,1	-2,7	-2,0	-0,8	-0,5
2015	1,1	-3,6	0,7	4,4	1,3	0,6
2016	1,9	5,6	3,1	-3,2	1,9	-1,0
2017	2,2	8,9	2,2	0,0	1,8	-1,6
2018	2,2	-3,6	2,7	3,8	2,5	0,8
2019	1,2	-1,6	1,0	2,4	1,4	0,6
2019/I	1,6	-5,2	1,9	4,2	1,9	0,4
2019/II	1,5	1,0	0,6	3,1	1,5	0,7
2019/III	0,9	-0,9	0,2	2,3	1,1	0,7
2019/IV	0,8	-1,2	1,4	0,2	0,9	0,5

* En postos de traballo equivalentes a tempo completo; cambio interanual.

Os datos están corrixidos de efectos estacionais e de calendario.

Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais.

O cadro 1.23 permite afondar no estudo da principal compoñente da poboación ocupada de Galicia.

Cadro 1.23

Emprego asalariado* segundo actividade. Galicia. 2013-2019

	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
TOTAL POBOACIÓN ASALARIADA	791.827	785.136	796.237	811.555	827.238	851.551	868.944
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	24.860	25.662	26.063	26.778	28.394	27.611	27.395
Industria	131.891	128.296	129.206	133.348	136.465	141.193	143.991
Construción	57.660	56.158	58.603	56.679	56.689	60.030	62.662
Servizos	577.416	575.020	582.365	594.750	605.690	622.716	634.895
-Comercio, transporte e hostalaría	218.289	213.404	214.889	218.704	226.593	234.725	239.138
-Información e comunicacións	13.953	14.481	15.229	16.357	17.524	18.023	18.464
-Actividades financeiras e de seguros	16.445	15.163	12.992	14.875	14.122	14.005	13.737
-Actividades inmobiliarias	5.466	5.905	6.338	6.210	6.442	6.633	6.757
-Actividades profesionais	73.523	73.953	72.420	78.791	83.369	88.170	90.738
-Administración pública (sanidade e educación)	192.218	194.306	201.137	198.664	201.447	207.077	210.597
-Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	57.522	57.808	59.360	61.149	56.193	54.083	55.464
Servizos non de mercado	161.920	161.109	162.096	160.395	157.890	159.086	159.993

* En postos de traballo equivalentes a tempo completo.

Os datos están corrixidos de efectos estacionais e de calendario.

Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais.

1.3.2 .Produtividade do traballo e competitividade empresarial

Co fin de obter unha análise axeitada da produtividade de traballo, é necesario realizar un estudo sectorial, para coñecer a fenda de produtividade entre os sectores produtivos (cadro 1.24).

- En 2017, as produtividades aparentes do traballo de Galicia están por baixo das medias estatais na industria, a construción e os servizos, mentres que está por riba na agricultura, gandería, silvicultura e pesca.
- Na comparanza dos datos dos anos 2012 e 2017, sobresaí a produtividade sectorial agro-pesqueira en Galicia (concentrada no cuatrienio 2014-2017), pero con descenso dende 2015. Polo que respecta á industria tamén se recolle unha redución entre 2015 e 2017, mentres que a construción e a industria mostran un aumento da produtividade aparente do traballo durante o período analizado.

Cadro 1.24

Porcentaxe de produtividade do traballo, por sectores. Galicia/España. 2012-2017

	2012	2013	2014	2015	2016	2017
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	145,2	142,4	151,7	146,0	146,2	145,2
Industria	86,8	93,4	93,0	88,5	86,9	86,6
Construción	87,1	87,3	88,2	90,6	92,6	93,5
Servizos	90,9	90,3	92,6	95,6	97,5	99,1

Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais.

1.4. Benestar económico-social: taxas de pobreza; alta desigualdade

1.4.1. Dificultades económicas dos fogares

A Enquisa de condicións de vida (ECV) realizada polo INE estima a nivel rexional as dificultades económicas dos fogares en 2018 (último dato dispoñible), cuantificándoas polos catro criterios que recolle o cadro 1.25. Cabe salientar o seguinte:

- Un 45,6% dos fogares de Galicia non podían permitirse ir de vacacións polo menos unha semana ao ano fóra da súa casa (11,4 puntos porcentuais máis que a media estatal); só dúas CC.AA. (Andalucía e Extremadura) e a Cidade Autónoma de Ceuta tiveron unha porcentaxe de fogares maior que os galegos, mentres que as menores porcentaxes rexistráronas as CC.AA. que encabezaron a clasificación por ingresos anuais netos medios (País Vasco, Madrid e Navarra).
- Un 23,1% dos fogares galegos consideraron que non tiñan capacidade económica para facerlle fronte a gastos imprevistos (12,9 puntos porcentuais menos que a media española, e situándose como a terceira CC.AA. con menor porcentaxe); as maiores porcentaxes tiveron as CC.AA. de Ceuta (57,0%) e as CC.AA. de Canarias (52,4%) e Andalucía (52,1%); as porcentaxes máis baixas foron as do País Vasco (22,2%) e Navarra (20,7%).

- Un 4,0% dos fogares de Galicia tiveron retrasos nos pagos relacionados coa súa vivenda principal (3,3 puntos porcentuais por baixo da media española); a Cidade Autónoma de Ceuta (20,7%), e as CC.AA. de Andalucía e Murcia (con 12,7 % e 11,2%, respectivamente) rexistraron as maiores porcentaxes de fogares; as menores rexistráronas Aragón (2,8%) e Castela e León (3,1%).
- Un 7,0% dos fogares galegos tiveron moita dificultade para chegar a fin de mes (3,4 puntos porcentuais por baixo da media española); a Cidade Autónoma de Ceuta e as CC.AA. de Andalucía, Murcia e Canarias rexistraron os maiores porcentaxes de fogares nesta situación, mentres que as menores rexistráronas Aragón, Castela e León e País Vasco.

Cadro 1.25

Dificultades económicas dos fogares. Por CC.AA. 2018

	Non pode permitirse ir de vacacións polo menos unha semana ao ano	Non ten capacidade para afrontar gastos imprevistos	Retrasos nos pagos relacionados coa vivenda principal	Moita dificultade para chegar a fin de mes
Andalucía	49,8	52,1	12,7	18,3
Aragón	21,2	29,8	2,8	4,1
Asturias	30,9	33,0	4,4	9,8
Baleares	27,4	29,9	7,2	8,8
Canarias	40,3	52,4	9,0	15,5
Cantabria	44,0	34,0	4,9	9,8
Castela e León	27,3	25,7	3,1	4,5
Castela-A Mancha	38,8	40,8	7,1	9,2
Cataluña	26,8	27,9	6,9	7,7
C. Valenciana	36,1	40,2	6,0	7,3
Extremadura	47,6	43,2	8,2	12,0
Galicia	45,6	23,1	4,0	7,0
Madrid	23,5	30,7	6,1	10,3
Murcia	43,3	47,3	11,2	16,2
Navarra	21,5	20,7	7,7	8,5
País Vasco	18,1	22,2	5,0	6,4
A Ríoxa	23,4	27,5	5,8	7,5
Ceuta	46,1	57,0	20,7	26,2
Melilla	31,4	38,6	8,7	14,2
España	34,2	36,0	7,3	10,4

Datos en porcentaxe.

Fonte: INE, Enquisa de condicións de vida (ECV)

1.4.2. Ingresos medios por persoa e por fogar

Na última Enquisa de condicións de vida (ECV) con información para 2018 estímase en 11.412 euros os ingresos medios anuais netos por persoa en Galicia, fronte a unha media de 11.239 no conxunto de España. Salienta a seguinte información do cadro 1.26:

- Os ingresos medios anuais netos por persoa en Galicia en 2018 están só un 1,5% por baixo da media española.
- As CC.AA. cos maiores niveis per cápita foron País Vasco, Navarra, Cataluña e Madrid, mentres que os menores tivéronos as CC.AA. de Murcia, Canarias e Extremadura.
- O ingreso medio anual neto en 2018 dunha persoa residente no País Vasco está un 30,9% por riba da media dunha residente en Galicia.

Cadro 1.26

**Clasificación das CC.AA. de maior a menor
ingreso medio anual por persoa. 2018**

País Vasco	14.722
Navarra	13.585
Cataluña	13.338
Madrid	13.279
Baleares	13.240
Melilla	12.507
Asturias	12.085
A Ríoxa	12.029
Aragón	11.990
Castela e León	11.949
España	11.412
Cantabria	11.239
Galicia	11.239
C. Valenciana	10.232
Ceuta	9.784
Castela-A Mancha	9.533
Andalucía	9.258
Murcia	9.111
Canarias	8.964
Extremadura	8.503

Fonte: INE, Enquisa de condicións de vida (ECV)

A análise dos ingresos medios anuais netos por fogar en España entre 2010 e 2018 (cadro 1.27) permite comprobar que a evolución foi decrecente dende 2010 a 2015, pero tras a mellora producida en 2016, acada en 2018 o 95,8% respecto do primeiro ano. Pola súa banda, os ingresos medios anuais netos por persoa no conxunto do Estado español aumentaron nun 1,1% dende 2010 a 2018.

Cadro 1.27

Evolución dos ingresos medios anuais por fogar e por persoa. España. 2010-2018

	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018
Por fogar	29.634	28.206	27.747	26.775	26.154	26.092	26.730	27.558	28.417
Por persoa	11.284	10.858	10.795	10.531	10.391	10.419	10.708	11.074	11.412

Datos en euros.

Fonte: INE, Enquisa de condicións de vida (ECV)

1.4.3. A poboación en risco de pobreza

A ECV tamén permite coñecer a taxa de pobreza en España. No cadro 1.28 preséntanse as comunidades (e cidades) autónomas ordenadas de menor a maior taxa de risco de pobreza para 2018. Esta información revela que:

- Galicia atópase por baixo da media estatal (18,8% e 21,5%, respectivamente) e ocupa en 2018 unha posición intermedia entre as comunidades pola súa taxa de pobreza.
- As CC.AA. coa taxa de pobreza máis baixa en 2018 foron País Vasco e Navarra.
- No outro extremo, Andalucía, Canarias, Extremadura e a Cidade Autónoma de Ceuta rexistraron as maiores taxas de pobreza (todas por riba do 32%).

Cadro 1.28

Clasificación de menor a maior taxa de pobreza. Por CC.AA. 2018

País Vasco	8,6
Navarra	8,9
Cataluña	13,6
Asturias	14,0
Aragón	14,2
Baleares	15,4
Castela e León	16,1
Madrid	16,1
A Ríoxa	16,6
Galicia	18,8
Cantabria	19,9
Melilla	21,4
España	21,5
C. Valenciana	26,0
Murcia	28,6
Castela-A Mancha	29,9
Andalucía	32,0
Canarias	32,1
Extremadura	37,6
Ceuta	38,3

Fonte: INE, Enquisa de condicións de vida (ECV)

No cadro 1.29 preséntase a evolución da poboación en risco de pobreza de Galicia e máis España de 2008 a 2018.


- Galicia rexistrou en 2018 unha suba de taxa da pobreza dende 2013 de 1,6 puntos porcentuais, e pecha 2018 co 18,8%, despois de ter en 2014 o mellor dato (15,4%).
- Pola súa banda, a taxa media de pobreza de España tivo entre 2013 e 2018 unha suba algo menor (1,1 puntos porcentuais). En 2018 sitúase no 21,5%.
- A diferenza entre as dúas taxas de pobreza quedou en 2,7 puntos porcentuais en 2018.

Cadro 1.29

Evolución da taxa de pobreza. Galicia/España. 2008-2018

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018
Galicia	20,9	20,6	18,1	16,1	18,3	17,2	15,4	19,4	19,0	18,7	18,8
España	19,8	20,4	20,7	20,6	20,8	20,4	22,2	22,1	22,3	21,6	21,5

Datos en porcentaxe.
Fonte: INE, ECV.



1.4.4. Distribución da renda

Un xeito de analizar a distribución da renda é calcular os quintís dos ingresos. Para iso, ordénanse todas as persoas segundo a contía dos ingresos por unidade de consumo e, posteriormente, divídense en cinco grupos iguais. O primeiro quintil corresponde ao 20% con menores ingresos e o quinto quintil corresponde ao 20% das persoas con maiores ingresos por unidade de consumo.

No cadro 1.30 preséntase a poboación por CC.AA. por quintil de renda por unidade de consumo no ano 2018. Da análise pódese salientar que:

- Galicia é unha das CC.AA. nas que a porcentaxe de poboación no grupo de menos ingresos (primeiro quintil), e no grupo de máis ingresos (quinto quintil) está por baixo da media estatal; mentres que está por riba da media española no segundo, terceiro e cuarto quintís.

- As CC.AA. coa maior porcentaxe de poboación no quinto quintil foron o País Vasco (35,4%), Madrid (28,1%), Navarra (29,5%) e Cataluña (28,4%).
- No primeiro quintil, as maiores porcentaxes rexistráronas Extremadura (35,0%), Ceuta (37,4%) e Canarias e Andalucía (ambas cun 30,0%).

Cadro 1.30

Poboación por quintil de renda por unidade de consumo. Por CC.AA. 2018

	1º quintil (menor renda): 0-20%	2º quintil (rendas intermedias): 20-40%	3º quintil (rendas intermedias): 40-60%	4º quintil (rendas intermedias): 60-80%	5º quintil (maior renda): 80-100%
Andalucía	30,0	25,9	18,3	13,6	12,2
Aragón	13,0	17,7	21,8	26,4	21,1
Asturias	13,8	21,2	20,1	23,7	21,2
Baleares	13,5	19,1	18,0	23,8	25,7
Canarias	30,0	24,5	15,8	18,1	11,5
Cantabria	18,8	18,3	23,6	22,0	17,4
Castela León	14,6	20,7	22,8	22,7	19,2
Castela-A Mancha	27,4	22,8	24,1	15,2	10,5
Cataluña	12,3	15,7	17,5	26,1	28,4
C. Valenciana	24,7	20,3	24,0	17,4	13,7
Extremadura	35,0	27,9	19,2	9,2	8,7
Galicia	17,0	21,6	21,2	21,9	18,5
Madrid	14,7	15,4	21,0	20,7	28,1
Murcia	27,0	24,2	20,0	16,3	12,6
Navarra	8,6	9,8	22,2	30,0	29,5
País Vasco	8,3	14,3	16,8	25,2	35,4
A Ríoxa	15,1	14,4	29,1	22,5	18,9
Ceuta	37,4	20,2	9,6	10,7	22,0
Melilla	20,9	15,4	14,2	23,5	25,9
España	20,0	20,0	20,0	20,0	20,0

Fonte: INE, Enquisa de condicións de vida (ECV)

1.5. Participación dos salarios no VEB. Custos laborais e salariais

Para analizar a participación dos salarios no valor engadido bruto, estúdase a relevancia das remuneracións salariais no PIB de Galicia, España e a UE. Posteriormente, preséntanse as estatísticas de custos salariais e a evolución do salario mínimo interprofesional (SMI).

1.5.1. Peso das remuneracións salariais no PIB de Galicia, España e a UE


A evolución da porcentaxe que sobre o PIB supón a remuneración da poboación asalariada para o período 2000-2019 en Galicia, España e UE recóllese no cadro 1.31. Anotamos os seguintes aspectos:

- En 2019 a porcentaxe de remuneración da poboación asalariada de Galicia no seu PIB (44,6%) é menor que a estatal (45,8%). As diferenzas coa media estatal e a UE son de 1,2 e 2,9 puntos, respectivamente.
- A proporción dos salarios no PIB de Galicia rexistra un lixeiro aumento respecto ao ano pasado ao pasar do 44,1 en 2018 ao 44,6 en 2019.

Cadro 1.31

Porcentaxe da remuneración das persoas asalariadas no PIB. Galicia, España e Europa. 2000-2019																				
	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
Galicia	45,8	45,1	45,1	45,1	44,2	44,1	44,5	45,3	46,4	48,0	47,0	47,4	46,1	45,8	44,9	44,6	44,1	43,8	44,1	44,6
España	48,8	48,1	47,8	47,3	47,2	46,9	47,0	47,3	49,0	49,6	49,1	48,3	46,7	45,8	45,9	45,7	45,2	45,1	45,3	45,8
UE 28	47,5	47,3	47,3	47,3	46,6	46,4	45,9	45,5	46,4	47,9	47,3	47,0	47,3	47,3	47,1	46,7	46,9	47,0	47,4	47,5

Datos en porcentaxe.
Fonte: IGE, Estudo sobre salarios.



1.5.2. Custos laborais. Xornada laboral

O cadro 1.32 recolle os custos laborais de 2011 a 2019 en Galicia dende unha dobre perspectiva: por persoa traballadora e mes e por hora efectiva de traballo. No que atinxe á primeira variable, o custo laboral foi 2.533,5 euros. Polo que respecta ao custo laboral por hora efectiva, en 2019 ascende ata os 19,8 euros.

Cadro 1.32

Custos laborais. Galicia. 2011-2019

	Custo laboral por persoa traballadora e mes		Custo laboral por hora efectiva	
	Euros	% var.*	Euros	% var.*
2011	2.416,5	0,7	18,47	0,2
2012	2.256,2	-6,6	17,57	-4,9
2013	2.363,5	4,8	18,29	4,1
2014	2.378,7	0,6	17,98	-1,7
2015	2.370,6	-0,3	19,33	7,5
2016	2.343,7	-1,1	18,32	-5,2
2017	2.427,6	3,6	19,02	3,8
2018	2.417,6	-0,4	18,95	-0,4
2019	2.533,5	4,8	19,75	4,2

* Sobre cuarto trimestre do ano anterior.

Fonte: INE, Enquisa trimestral de custo laboral.

A media estatal do custo salarial por persoa traballadora e mes foi de 2.075,4 euros en 2019. A desagregación deste dato por CC.AA. permite observar que o maior custo laboral foi o de País Vasco e Madrid (2.444). Estremadura (1.733) e Canarias (1.708) pecharon a clasificación. As CC.AA. cunha maior suba porcentual no seu custo laboral en 2019 foron Galicia (4,4%) e Aragón (4,3%); mentres que as maior diminución rexistrouse en Canarias (-1,0).

Cadro 1.33

Custos salariais en España. Por CC.AA. 2019

	Custo salarial por persoa traballadora e mes		Custo salarial por hora efectiva	
	Euros	Taxa*	Euros	Taxa*
España	2.075,4	1,8	16,2	1,4
Aragón	2.042,08	4,3	16,53	5,4
Asturias	2.151,94	3,5	17,32	4,3
Baleares	2.066,49	0,6	15,76	1,0
Canarias	1.708,80	-1,0	13,08	-0,4
Cantabria	2.014,84	2,5	15,94	4,1
Castela e León	1.851,60	1,1	14,79	1,3
Castela-A Mancha	1.791,53	0,1	14,16	0,2
Cataluña	2.246,23	2,7	17,64	3,2
Comunidade Valenciana	1.812,73	1,7	14,28	0,0
Extremadura	1.733,26	3,0	14,02	3,1
Galicia	1.896,21	4,4	14,78	3,9
Madrid	2.444,76	0,3	18,47	-0,9
Murcia	1.830,84	0,6	14,36	0,6
Navarra	2.339,12	3,0	18,91	3,4
País Vasco	2.444,01	0,2	19,76	0,8
A Ríoxa	1.910,44	1,7	15,39	4,4

*Variación porcentual sobre o cuarto trimestre do ano anterior.

Fonte: IGE, Enquisa trimestral de custo laboral.

No cadro 1.34 preséntase a xornada laboral por persoa traballadora e mes de Galicia no cuarto trimestre, para o período 2008-2019 dende unha tripla vertente: total de persoas traballadoras, as que traballan a tempo completo e as que o fan a tempo parcial.

No que atinxe ao total de persoas que traballan, Galicia rexistra un descenso na xornada de traballo dende 2008 a 2018. En 2019 foi de 151 horas. Polo que respecta ao traballo a tempo completo a cantidade estabilízase ao redor das 169 horas. No que fai referencia ao traballo a tempo parcial, dende 2015 ata 2018 prodúcese unha diminución, acadando as 85,7 horas en 2019, un lixeiro incremento respecto ao 2018.

Cadro 1.34

Xornada laboral. Galicia. 2008-2019

Período	Xornada laboral (horas pactadas)		
	Total traballadores/as	Tempo completo	Tempo parcial
2008	156,4	169,5	83,4
2009	156,0	169,4	83,4
2010	155,7	169,5	84,7
2011	154,5	169,8	84,7
2012	153,3	169,6	85,3
2013	152,1	169,1	87,0
2014	152,1	169,1	88,2
2015	151,8	169,4	84,7
2016	150,2	169,2	84,4
2017	150,9	169,2	83,8
2018	150,5	169,3	84,3
2019	151,0	169,1	85,7

Fonte: INE, Enquisa trimestral de custo laboral.

O número de vacantes en Galicia ao remate do ano 2019 foi de 4.607 (cadro 1.35), o que supón un 4,6% do total, moi por baixo das porcentaxes relativas no total español en poboación ou PIB. Este mesmo cadro permite coñecer os motivos principais de non existencia de vacantes, desagregado por CC.AA. e a nivel estatal.

Cadro 1.35

Vacantes, ou motivos polos que non existen. Por CCAA. 2019*

	Vacantes	% en cada CC.AA. sobre o total de vacantes	Motivos polos que non existen vacantes (distribución autonómica)		
			Non se necesita ningunha persoa traballadora mais	Elevado coste de contratación	Outros
Andalucía	16.114	16,0	92,6	4,5	2,9
Aragón	2.622	2,6	90,2	4,7	5,1
Asturias	2.193	2,2	94,9	4,7	0,4
Baleares	1.624	1,6	93,6	3,0	3,4
Canarias	8.242	8,2	90,2	8,0	1,8
Cantabria	560	0,6	92,4	5,6	2,0
Castela e León	5.184	5,1	91,1	5,5	3,4
Castela-A Mancha	2.022	2,0	91,9	6,5	1,6
Cataluña	19.992	19,8	94,8	3,6	1,6
C. Valenciana	7.088	7,0	92,8	5,5	1,7
Estremadura	903	0,9	91,2	6,1	2,7
Galicia	4.607	4,6	91,2	6,9	1,9
Madrid	21.684	21,5	93,7	3,8	2,5
Murcia	1.378	1,4	94,2	4,0	1,8
Navarra	2.747	2,7	97,2	1,0	1,8
País Vasco	3.596	3,6	92,6	4,1	3,3
A Rioxa	453	0,4	92,8	3,0	4,2
Total	101.009	100,0	92,9	4,8	2,3

* Datos do 4º trimestre de 2019

Fonte: INE, Enquisa trimestral de custo laboral.

1.5.3. O salario mínimo interprofesional (SMI)

O SMI a 1 de xaneiro de 2020 en España foi de 1.050 euros/mes (incluíndo a pro rata das pagas extraordinarias). A súa contía actual en España experimentou unha importante suba nos últimos anos. Con todo, é menos da metade do establecido nalgúns Estados socios da Eurozona como Luxemburgo ou Irlanda. Respecto de Francia é un 68,2% (cadro 1.36).

Cadro 1.36

**Salario mínimo interprofesional.
España e outros Estados da UE. 2020**

	Euros/mes
Luxemburgo	2142
Irlanda	1656
Reino Unido	1599
Bélxica	1594
Francia	1539
España	1050
Grecia	758
Portugal	741
Polonia	611

* Inclúe o rateo das pagas extraordinarias.

Fonte: Eurostat.


O moi limitado incremento do SMI no trienio 2012-2014 (0,6%), contrasta co importante aumento de 2016 a 2017 (8,01%) e entre 2017 a 2018 (3,98%) e sobre todo entre 2018 e 2019 (29,1%) tal e como reflicte o cadro 1.37. En 2019 situouse en 950 euros mensuais (13.300 euros anuais repartidos en 14 pagas).

Cadro 1.37

Salario mínimo interprofesional. España. 2008-2019

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
€/día	20,00	20,80	21,11	21,38	21,38	21,51	21,51	21,62	21,84	23,59	24,53	31,66
€/mes	600,00	624,00	633,30	641,40	641,40	645,30	645,30	648,60	655,20	707,70	735,90	950,00
Incremento sobre o salario anterior	5,15	4,00	1,49	1,28	0,00	0,61	0,00	0,51	1,02	8,01	3,98	29,09

Fonte: Ministerio de Trabajo e Economía Social.



1.6. A variación do IPC

O cadro 1.38 recolle a evolución nos últimos once anos das taxas de inflación de Galicia e España. Tras unha etapa ordinaria de incrementos entre 2006 e 2013, durante o bienio 2014-2015 os prezos tiveron un comportamento extraordinario: diminuíron, para logo aumentar en 2016. En 2017 foi do 1,2%, en 2018 do 1% e en 2019 do 0,7%. Para España, a evolución foi, en liñas xerais, a mesma, aínda que superior nunha décima no 2019 respecto de Galicia.

Cadro 1.38

Porcentaxe de variación do IPC⁽¹⁾. Galicia/España. 2006-2019

	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
Galicia	2,6	4,1	1,2	0,9	3,1	2,5	2,6	0,5	-1,0	-0,2	1,6	1,2	1,0	0,7
España	2,7	4,2	1,4	0,8	3,0	2,4	2,9	0,3	-1,0	0,0	1,6	1,1	1,2	0,8

(1) De decembro a decembro.
Fonte: INE, IPC.

A inflación subxacente, que é aquela que non ten en conta a variación dos prezos dos produtos enerxéticos nin dos alimentos non elaborados, rematou en 2019 en Galicia no 1,1% fronte ao 1,0% da media estatal.

Cadro 1.39

Inflación subxacente. Galicia/España. 2009-2018

IPC xeral sen alimentos non elaborados nin produtos enerxéticos	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
Galicia	0,2	1,4	1,6	2,2	0,3	-0,1	1,0	0,9	0,8	0,8	1,1
España	0,3	1,5	1,5	2,1	0,2	0,0	0,9	1,0	0,8	0,9	1,0

Taxas de variacións interanuais en % a decembro de cada ano.
Fonte: INE, IPC.

A información do cadro 1.40 ofrece a desagregación nos doce grupos de gasto do IPC e a súa taxa de variación entre 2009 e 2019 en Galicia. Obsérvase nel que en 2019:

- Diminuíron os prezos en tres grupos de gasto: vivenda (-5,4%) e ocio e cultura (-0,4%) e bebidas alcohólicas e tabaco (-0,1%).
- As maiores subas rexistráronse en transporte (3,4%), e en hoteis, cafés e restaurantes (3,0%).

Cadro 1.40

IPC por grupos de gasto. Galicia. 2009-2019

	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
1. Alimentos e bebidas non alcohólicas	-2,0	0,5	2,7	2,5	1,5	0,1	1,4	1,0	1,4	1,4	1,2
2. Bebidas alcohólicas e tabaco	11,3	13,9	3,7	5,8	5,0	-0,4	1,2	0,9	1,8	1,6	-0,1
3. Vestido e calzado	-0,9	0,5	0,3	0,3	0,1	0,4	0,5	0,8	0,4	0,9	0,9
4. Vivenda	0,8	7,3	7,0	6,4	0,4	-0,9	-3,2	0,8	1,7	2,4	-5,4
5. Enxoval	1,0	0,7	1,6	1,2	0,5	-1,3	0,6	-0,5	-0,1	0,3	0,8
6. Sanidade	-0,7	-0,1	-2,3	11,1	1,6	-0,2	0,2	1,4	0,3	1,1	1,1
7. Transporte	4,1	9,1	4,6	2,1	1,1	-4,2	-2,8	4,7	2,4	-0,4	3,4
8. Comunicacións	-0,3	-0,7	-1,6	-2,8	-6,6	-5,7	0,4	3,3	0,2	2,2	0,6
9. Ocio e cultura	-0,6	-0,9	0,6	0,7	-0,7	-1,8	0,1	0,2	-0,6	-0,6	-0,4
10. Ensino	2,6	2,1	3,2	4,0	1,6	1,0	0,6	1,6	1,0	1,3	1,8
11. Hotéis, cafés e restaurantes	1,8	2,1	1,6	1,4	0,5	0,5	0,9	1,3	2,1	2,0	3,0
12. Outros	1,9	2,5	2,0	3,6	-0,1	0,7	1,4	1,6	0,0	0,8	1,0
VARIACIÓN XERAL DO IPC	0,9	3,1	2,5	2,6	0,5	-1,0	-0,2	1,6	1,2	1,0	0,7

Taxas de variación interanuais en % a decembro de cada ano.

Fonte: INE, IPC.

1.7. Comercio exterior

Cando se analiza o comercio exterior galego, podemos referirnos a tres realidades económicas diferentes: i) ao importe global das transaccións con orixe ou destino en Galicia (total do comercio exterior galego); ii) tan só a unha parte dese total do comercio exterior galego: ás compravendas de Galicia co estranxeiro (ou o que é o mesmo, a parte correspondente a Galicia do comercio internacional español). Esta adoita ser a máis usada na literatura económica tradicional, pero cremos que a súa denominación pode resultar confusa; por iso, chamáremoslle comercio internacional de Galicia; e iii) á outra parte do total do comercio exterior galego: as transaccións de Galicia coas outras CC.AA; chamáremoslle comercio galego intraestatal.

1.7.1. Comercio internacional galego

O valor das exportacións/expedicións de Galicia ao estranxeiro acadou en 2019 os 22.196 millóns de euros, mentres que as importacións foron de 19.814 millóns de euros. A diferenza foi de 2.382 millóns de euros (cadro 1.41).

Consecuentemente co superávit nas compravendas de Galicia co estranxeiro, a taxa de cobertura (porcentaxe do valor das exportacións sobre o das importacións) quedou moi por riba do valor 100 (equilibrio da balanza comercial). En 2019 a taxa de cobertura do comercio internacional galego ascendeu ao 112 % ou o que é o mesmo, o valor das exportacións galegas ao estranxeiro cubriu o importe das importacións e acadou ademais un 12,0% de marxe.

A desagregación provincial nas exportacións amosa que a provincia de Pontevedra (43,7% do total galego) e a da Coruña (49,4%) volveron a ser en 2019 os sólidos

piare das nosas exportacións, xa que logo, o importe conxunto das compras do estranxeiro destas dúas provincias acadou en 2019 un 93,1% do total galego).

No cadro 1.42 preséntanse os indicadores básicos de comercio exterior para 2019 por CC.AA.

Cadro 1.41

Comercio exterior de Galicia (e distribución provincial). Indicadores básicos. 2019

	EXPORTACIÓN				IMPORTACIÓN				SALDO	COBERT.
	Millóns €	Iprov ⁽¹⁾	TVA ⁽²⁾	Cprov a TVA ⁽³⁾	Millóns €	Iprov ⁽¹⁾	TVA (2)	Cprov a TVA ⁽³⁾	Millóns €	%
A Coruña	10.965,52	49,40	-6,39	-3,28	7.894,50	39,84	0,98	0,40	3.071,02	138,90
Lugo	650,40	2,93	-1,75	-0,05	739,47	3,73	2,45	0,09	-89,08	87,95
Ourense	873,60	3,94	-1,84	-0,07	591,26	2,98	5,07	0,15	282,33	147,75
Pontevedra	9.707,15	43,73	1,21	0,51	10.588,88	53,44	6,75	3,52	-881,73	9.167,00
Galicia	22.196,66	100,00	-2,89	-2,89	19.814,12	100,00	4,16	4,16	2.382,54	112,02

(1) Iprov: incidencia provincial na exportación/importación de Galicia (en porcentaxe)

(2) TVA: taxa de variación interanual (respecto a igual período do ano anterior), en porcentaxe.

(3) Cprov a TVA de Galicia: contribución provincial á taxa de variación interanual rexistrada por Galicia.

Fonte: Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, Informe anual da Dirección Territorial de Comercio en Galicia.

Cadro 1.42

Comercio exterior de España. Por CC.AA. Indicadores básicos. 2019

	EXPORTACIÓN				IMPORTACIÓN				SALDO	COBERT.	EXP+IMP
	Valor (mil. Euros)	ICom ⁽¹⁾	TVA ⁽²⁾	CCom a TVA ⁽³⁾	Valor (mil. Euros)	ICom ⁽¹⁾	TVA ⁽²⁾	CCom a TVA ⁽³⁾	Valor (mil. Euros)	%	Valor (mil. Euros)
España	290.089,07	100,00	1,78	1,78	322.068,69	100,00	1,01	1,01	-31.979,61	90,07	612.157,76
Cataluña	73.853,47	25,46	3,11	0,78	92.419,31	28,70	2,49	0,70	-18.565,84	79,91	166.272,77
Madrid	31.178,91	10,75	3,33	0,35	64.411,53	20,00	4,72	0,91	-33.232,63	48,41	95.590,44
Andalucía	31.738,16	10,94	-2,16	-0,25	30.553,20	9,49	-6,04	-0,62	1.184,96	103,88	62.291,36
Valencia	31.160,19	10,74	2,76	0,29	28.420,70	8,82	3,48	0,30	2.739,49	109,64	59.580,90
País Vasco	25.388,87	8,75	-0,33	-0,03	20.116,74	6,25	-0,83	-0,05	5.272,13	126,21	45.505,61
Galicia	22.196,66	7,65	-2,89	-0,23	19.814,12	6,15	4,16	0,25	2.382,54	112,02	42.010,78
Castela e León	14.562,55	5,02	-4,60	-0,25	12.235,88	3,80	-7,13	-0,29	2.326,67	119,02	26.798,43
Aragón	13.472,60	4,64	13,07	0,55	11.513,49	3,57	-2,10	-0,08	1.959,11	117,02	24.986,09
Murcia	10.560,81	3,64	-1,74	-0,07	11.054,00	3,43	2,14	0,07	-493,19	95,54	21.614,81
Castela-A Mancha	7.527,35	2,59	3,16	0,08	9.288,52	2,88	0,71	0,02	-1.761,17	81,04	16.815,87
Navarra	10.147,32	3,50	11,57	0,37	5.468,38	1,70	12,90	0,20	4.678,95	185,56	15.615,70
Asturias	4.833,11	1,67	11,99	0,18	4.008,05	1,24	-9,56	-0,13	825,06	120,59	8.841,15
Canarias	2.668,03	0,92	-4,12	-0,04	3.578,09	1,11	-9,75	-0,12	-910,06	74,57	6.246,11
Cantabria	2.613,48	0,90	1,29	0,01	2.169,56	0,67	3,44	0,02	443,92	120,46	4.783,04
Non determinado	2.386,09	0,82	4,96	0,04	2.361,58	0,73	-13,71	-0,12	24,51	101,04	4.747,67
Extremadura	2.089,36	0,72	3,93	0,03	1.388,96	0,43	8,04	0,03	700,40	150,43	3.478,33
Baleares	1.892,18	0,65	2,09	0,01	1.429,44	0,44	-0,62	0,00	462,74	132,37	3.321,62
A Ríoxa	1.789,75	0,62	-8,57	-0,06	1.515,62	0,47	-14,20	-0,08	274,13	118,09	3.305,37
Ceuta	10,65	0,00	-15,06	0,00	227,02	0,07	2,87	0,00	-216,37	4,69	237,68
Melilla	19,54	0,01	-28,31	0,00	94,50	0,03	-22,46	-0,01	-74,96	20,68	114,04

(1) ICom: incidencia autonómica na exportación/importación de España (en porcentaxe)

(2) TVA: taxa de variación interanual (respecto a igual período do ano anterior), en porcentaxe.

(3) CCom a TVA de España: contribución autonómica á taxa de variación interanual rexistrada por España.

Fonte: Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, Informe anual da Dirección Territorial de Comercio en Galicia.

1.7.2. Comercio galego con outras comunidades autónomas

Desafortunadamente, non contamos con estatísticas oficiais sobre comercio interrexional en España. O que si temos é a estimación global das exportacións de bens e servizos de Galicia, incluíndo o resto de España. Os datos para o período 2015-2019 aparecen recollidos no cadro 1.43.

Cadro 1.43

Exportacións e importacións de bens e servizos en Galicia. 2015-2019

	2015	2016	2017	2018	2019
Exportacións	28.219	28.815	31.351	32.998	33.329
Importacións	29.375	28.977	32.281	34.545	35.821
Saldo neto	-1.156	-162	-930	-1.547	-2.493

Datos en millóns de euros.

Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais.